


As raíces históricas: Prehistoria e Idade Antiga


Que distintas culturas e civilizacións se desenvolveron na Península Ibérica ata a Idade Media?

Introdución

- A comprensión dos feitos e dos procesos históricos da España contemporánea require o coñecemento, a grandes trazos, dos pobos e mais das culturas que dende a Prehistoria habitaron a Península Ibérica.
- Este tema presenta un breve percorrido polos momentos máis salientables das nosas raíces históricas:
 - A Prehistoria peninsular
 - A chegada dos pobos colonizadores
 - A conquista romana
 - A crise do Baixo Imperio
 - As invasións xermánicas que deron paso á época visigoda
- A través dos diferentes períodos poderemos ver como foron elementos constitutivos do noso pasado
 - A multiculturalidade
 - A presenza de pobos diversos
 - A síntese de culturas




A Prehistoria.





1.- Os primeiros poboadores: o Paleolítico

- Os recentes descubrimentos arqueolóxicos na Península confirman que estaba habitada por grupos do **xénero Homo** hai case un millóns de anos
- Estes primeiros seres humanos evolucionaron
 - Dunhas sociedades cazadoras e colleiteiras no **Paleolítico**
 - A outras produtoras de alimentos no **Neolítico**
 - Estas descubriron a fundición e mais a aliaxe dos metais na **Idade dos Metais**

A EVOLUCIÓN DOS HOMÍNIDOS







A hominización




- Chamámoslle **hominización** ao conxunto de cambios que converteron os primates en seres humanos.
- Este proceso foi lento e complexo:
 - O primeiro paso foi a **posición vertical** e a **marcha bípede**, que lles proporcionaba maior campo de visión.
 - Ademais, a liberación das extremidades superiores da tarefa de camiñar facilitou o uso das **mans** para manipular e fabricar utensilios.
 - O mantemento da cabeza en equilibrio sobre as costas facilitou o aumento da capacidade cranial e, con iso, o **desenvolvemento do cerebro**.
 - O uso de instrumentos para cortar os alimentos e do lume para abrandalos deu lugar á **diminución do tamaño das mandíbulas e dos dentes**.
 - Finalmente, a aparición do **queixo** e da **fronte plana** déronlle ao ser humano o seu aspecto actual.
- Todos estes cambios contribuíron a incrementar a súa intelixencia e a mellorar a capacidade de comunicarse (aparición da **linguaxe**).
- Ademais, estes seres humanos foron capaces de **crear instrumentos** e técnicas para dominar o medio e de lles **transmitir** ese coñecemento ás seguintes xeracións.
- Coa aparición dos primeiros seres humanos iniciouse o primeiro gran período prehistórico: o **Paleolítico**.

DOC.1 EVOLUCIÓN DOS HOMÍNIDOS







Área de expansión do *Australopithecus*




Área de expansión do *Homo habilis*



Área de expansión do *Homo erectus*



Área de expansión do *Homo sapiens sapiens*



As orixes do ser humano. Os homínidos máis antigos atopáronse no val do Rift. Tamén teñen unha orixe africana o *Australopithecus*, o *Homo Habilis* e o *Homo erectus*. Este último foi a primeira especie humana que se estendeu por Europa e Asia, así como o *Homo Sapiens*. O poboamento de América e Oceanía foi máis serodio e realizouno o *Homo Sapiens Sapiens*.

Doc.2 Outros achados em Atapuerca

- En Atapurca, na Sima dos Ósos, identificáronse 32 individuos pertencentes ao Homo heidelbergensis, de 350 000 anos de antigüidade
- Do seu sucesor, o Homo neanderthalensis, atopáronse restos de hai 45 000 a 35 000 anos noutros lugares da Península

1.2.- Os grupos de cazadores-colleiteiros

- Os primeiros poboadores eran **depredadores**:
 - Non producían alimentos
 - A súa supervivencia baseábase na caza, na pesca e na recolleita de froitos.
- Eran **nómades**:
 - Desprazábanse seguindo aos rabaños de animais
 - Desprazábanse buscando unhas condicións climáticas favorables.
- Tiñan unha **organización social colectiva**:
 - Vivían en pequenos grupos ou bandas.
 - Sen unha clara xerarquización social.
 - Sen unha clara división do traballo.

Doc.3 – As etapas do Paleolítico

	Paleolítico Inferior (800 000 – 90 000 aC)	Paleolítico Medio (90 000 – 35 000 aC)	Paleolítico Superior e Epipaleolítico (35 000 – 5 000 aC)
Hábitat e útiles	<ul style="list-style-type: none"> •Habitaban en abrigos das rochas e campamentos ao aire libre •Croios golpeados para obter un gume e bifaces 	<ul style="list-style-type: none"> •Habitado polo Homo neanderthalensis, que coñecía o lume e vivía en covas •Instrumentos de sílex: raedeiras, raspadeiras, puntas, denticulados, coitelos... que amosan unha certa especialización 	<ul style="list-style-type: none"> •Habitado polo Homo sapiens, moi parecido á especie actual •Perfeccionamento da industria lítica, diminución do tamaño e uso de óso e hasta •Aparición da arte rupestre e mobiliar
Xacementos importantes	<ul style="list-style-type: none"> •Torralba e Ambrona (Soria), con abundantes restos de elefantes, rinocerontes, cabalos, cervos, bois, etc •Bolomor (Valencia) 	<ul style="list-style-type: none"> •Covas nas zonas montañosas: El Castillo (Cantabria), Lezetxiki (Guipúscoa) Peña Miel (A Rioxa), L´Arbreda (xirona) •Cova de Morín (Cantabria), na que se documentou a práctica de rituais funerarios 	<ul style="list-style-type: none"> •Las Caldas e Tito Bustillo (Asturias) •Parpalló (Valencia) •Santimamiñe (Biscaia) •Urtiaga (Guipúscoa)


DOC.3 AS ETAPAS DO PALEOLÍTICO

	Paleolítico Inferior (800 000-90 000 a.C.)	Paleolítico Medio (90 000-35 000 a.C.)	Paleolítico Superior e Epipaleolítico (35 000-5 000 a.C.)
Hábitat e útiles	<ul style="list-style-type: none"> Habitaban en abrigos das rochas e campamentos ao aire libre. Croios golpeados para obter un gume e bifaces. 	<ul style="list-style-type: none"> Habitado polo <i>Homo neanderthalensis</i>, que coñecía o lume e vivía en covas. Instrumentos de sílex: raedeiras, raspadeiras, puntas, denticulados, coitelos... que amosan unha certa especialización. 	<ul style="list-style-type: none"> Habitado polo <i>Homo sapiens</i>, moi parecido á especie actual. Perfeccionamento da industrias lítica, diminución do tamaño e uso de óso e hasta. Aparición da arte rupestre e mobiliario.
Xacementos importantes	<ul style="list-style-type: none"> Torralba e Ambrona (Soria), con abundantes restos de elefantes, rinocerontes, cabalos, cervos, bois etc. Bolomor (Valencia). 	<ul style="list-style-type: none"> Covas nas zonas montañosas: El Castillo (Cantabria), Lezetxiki (Guipúscoa), Peña Miel (A Rioxa), L'Arbreda (Xirona). Cova de Morín (Cantabria), na que se documentou a práctica de rituais funerarios. 	<ul style="list-style-type: none"> Las Caldas e Tito Bustillo (Asturias). Parpalló (Valencia). Santimamiñe (Biscaia). Urtiaga (Guipúscoa).

Un campamento paleolítico







DEPÓSITOS PALEOTÓTICOS NA PENÍNSULA



En que lugares da Península se sitúan os xacementos ou depósitos paleolíticos máis significativos?

Que dúas zonas pictóricas se desenvolveron na Península Ibérica?

Investiga como era o clima da Península neste período.

Localiza no mapa os principais glaciares

DOC.4 DEPÓSITOS PALEOLÍTICOS





Proceso de elaboración dun biface.



Croio de cuarcita.



Biface de sílex.



Punta de frecha.



Sepultura de Dolni Vestonice, República Checa.

Agulla de óso.



Raspa.



Arpón de hasta.





Paleolítico e Neolítico en Galicia.

1.3.- A arte rupestre

- A Península Ibérica posúe moitas covas ou abrigos naturais, sobre todo na **zona cantábrica**, con pinturas e gravados paleolíticos: El Castillo, El Pindal, Tito Bustillo, Las Monedas, Santimamiñe e Altamira.
- Na **zona levantina** aparecen no Epipaleolítico (10.000 – 5.000) outro tipo de pinturas en abrigos ao aire libre, como: Cogull (Lleida), Ulldecona (Tarragona), Albarracín (Teruel), La Valltorta (Castelló)...




A arte rupestre

- **Características da zona cantábrica:**

- Arte figurativa, sobre todo de animais pintados: bisontes, cervos, cabalos, xabaríns...
- Técnica naturalista.
- Figuras superpostas, sen formaren escenas.
- Efectos de volume e movemento por medio de:
 - O uso da cor.
 - O aproveitamento dos saíntes das rochas.
- Predominio do negro (nos contornos) e dos ocres.







Bisonte da cova de Altamira (Cantabria).

A arte rupestre

- **Características da zona levantina:**
 - Pinturas atopadas en abrigos ao aire libre
 - Representación de escenas de carácter narrativo: cacerías, danzas rituais, recolleita do mel...
 - Proliferación de figuras humanas.
 - Cores planas: vermello e negro.
 - Estilización das formas, tendendo á esquematización.





▼
Bisonte da cova de Altamira (Cantabria)
e escena de caza do conxunto rupestre
de La Valltorta (Castellón).

A arte rupestre




- As pinturas rupestres relaciónanse con:
 - Caza e crenzas máxicas: caza propiciatoria.
 - Santuarios para prácticas rituais.
 - Mitos, protagonizados por animais.
- Tamén consérvanse esculturas, gravados e pinturas de animais, figuras humanas ou símbolos abstractos:
 - Sobre pedra, óso e asta (arte mobiliar).
 - Sobre obxectos de uso cotián: bastóns...
 - Sobre plaquetas.



Escena de pintura rupestre



Escena de pintura rupestre





Touro da cova da *Lascaux* (Francia).



Arte mobiliär: propulsor esculpido con dúas cabezas de animais, gravados dunha cabeza de cabalo sobre óso e dun felino sobre pedra.



Colgante de Férvedes II realizado nunha pedra ovalada cun suco en cada cara.

O Neolítico

- **O neolítico, literalmente pedra nova, foi unha auténtica revolución para as colectividades humanas,**
 - Por canto supuxo que **por primeira vez o ser humano podía controlar o abastecemento de alimentos,** tras aprender a
 - Cultivar plantas
 - Domesticar animais,
 - Producir obxectos cerámicos
 - Fabricar tecidos.
 - Iso significa que se pasou dunha economía exclusivamente depredadora a outra produtiva.
- **A seguridade e a regularidade na alimentación**
 - Permitiron un aumento da poboación e a redución dos desprazamentos
 - Deron lugar aos **primeiros poboados estables.**
- **Esta sedentarización favorecía a especialización produtiva e a división do traballo,**
 - O que propiciaría a **xeración de excedentes de produción** e, polo tanto, a **aparición da propiedade privada e a diferenciación social.**
- Esta nova forma de vida esixía unha organización social máis regulamentada,
 - Que acabaría desembocando na **aparición do Estado.**

2.- Do Neolítico á Idade dos Metais

- Cara o ano 5 000 aC xurdiron na Península Ibérica as primeiras comunidades neolíticas, debido, seica, a
 - A difusión polas costas mediterráneas de correntes culturais procedentes de Oriente Próximo
 - Tamén a progresiva evolución das culturas autóctonas en contacto con estas novas influencias




As orixes do ser humano.

2.1.- As etapas do Neolítico

- Esas comunidades iniciaron:
 - A **producción de alimentos**:
 - **Agricultura.**
 - **Gandaría.**
 - A **elaboración de**:
 - **Cerámica.**
 - **Tecidos.**
- A práctica da agricultura, coa necesidade de atender a evolución dos cultivos propiciou
 - O **sedentarismo**
 - O xurdimento das primeiras comunidades estables en **poboados.**

A orixe da agricultura e a súa difusión





1



segar

2



mallar

3



aventar

4




moer

Labores para convertir
o trigo en fariña.

Neolítico inicial (VI e V Milenios)



- A primeira fase do Neolítico peninsular **desenvólvese ao redor do Mediterráneo**,
 - Principalmente na costa valenciana, onde se atopan os depósitos máis importantes: Cova de Sarsa, Cova de L'Or...
 - Tamén son relevantes as covas de Nerja (Málaga) e da Font Major (Tarragona)
- Os asentamentos son fundamentalmente en **covas**.
- Identifícanse por:
 - A presenza da chamada **cerámica cardial**, decorada con cunchas de molusco: *Cardium edule*.
 - A aparición dos primeiros utensilios agrícolas:
 - Aixadas de pedra puída.
 - Machadas.
 - Fouces.
 - Muíños de man.
 - O cultivo de trigo, cebada e leguminosas.
 - A domesticación de animais: ovellas e cabras.



pedra puída

pulidor

O puído da pedra consiste en eliminar as rugosidades da superficie refregando a pedra con outra máis dura (pulidor).



Utensílios e adornos do Neolítico.



Recipiente de cerámica con decoración cardial
atopado na *Cova de l'Or* (Alacant) e datado no
V milenio a.C.



- ▶ Cerámica cardial procedente das covas de l'Or (Beniarrés, Alacante) e da Sarsa (Bocairent, Valencia).

Neolítico pleno (IV e III Milenios)

- Entre o 4000 e o 2000 aC desenvolveuse a **segunda fase** destas comunidades agrícolas
 - Nesta etapa, os depósitos non se sitúan en zonas montañosas, senón nas terras fértiles e ben regadas das planicies e chairas, onde se constrúen poboados estables
 - Nesta época, o Neolítico tamén se expande polo interior da Península, con asentamentos nas dúas mesetas, no val do Ebro e na zona do País Vasco
- No sueste peninsular destacan os xacementos de la Carigüela (Granada) e a chamada **cultura de Almería**
 - Con vivendas circulares
 - Un elemento identificador desta cultura constitúeo a proliferación de sepulturas organizadas por primeira vez en **necrópoles**
- No nordés peninsular desenvolveuse a denominada **cultura dos sepulcros de foxa**, onde os defuntos eran enterrados
 - En foxas escavadas no chan, en cistas ou en sepulcros de corredor
 - Acompañados dun enxoval funerario
- Paralelamente **as estruturas sociais fixéronse máis complexas**, por mor de:
 - Unha organización do traballo máis diversificado.
 - A expropiación do excedente alimentario por un pequeno grupo dentro da sociedade

DOC.1 DEPÓSITOS NEOLÍTICOS



1. Por onde se difundiu fundamentalmente o Neolítico?
2. Que dúas grandes culturas se desenvolveron nesta etapa? Cita algún depósito asociado a cada unha delas.



▼
Poboado neolítico de El Garcel, pertencente á cultura de Almería.


Neolítico Pleno

- O achado de obxectos de prestixio nalgunha das tumbas indica
 - A existencia dunha certa xerarquización social
 - Entre estes obxectos aparece a **variscita**, unha pedra de cor verde coa que se elaboraban ornamentos.
- Este mineral amosa a existencia de
 - Actividades mineiras
 - O seu comercio a longa distancia





Túneles escavados nas rochas das minas de variscita de *Can Tinturer* (Gavà, Barcelona).




▼
Galería das minas neolíticas de Can Tintorer (Barcelona), as minas en galería máis antigas de Europa, e colar de variscita.



A aldeia neolítica de Çatal Hüyük



A aldea neolítica de Çatal Hüyük



Cambios cara ao Neolítico (1)

- Estes xacementos peninsulares localízanse nas covas
 - Son moi escasos os exemplos de poboados que se coñecen, debido posiblemente á fragilidade dos materiais cos que construírían as súas vivendas (madeira, pedras, barro, canas, ramaxe ...).
 - As casa estaban, para a súa protección, cerca dos campos de cultivo e dos currais onde se gardaban os animais.
 - Ás covas moitas veces débúselles dar o papel de corte, almacén de graus ou lugares onde enterrar os mortos.
- Trascendental foi tamén a fabricación de **obxectos de cerámica** que se facían, ben desecando o barro, ben cocéndoo en fornos.
- As vasillas permitiron
 - Conservar mellor e protexer os alimentos excedentarios (cereais, leite, carne)
 - Elaborar a chamada “cociña do fervido”, facendo caldos, papas e guisos máis adecuados para alimentación de nenos e anciáns que carecían de dentes, ou persoas enfermas.
 - Loxicamente, ao comer máis e mellor diminuíu a mortalidade, logo **a esperanza de vida e a poboación aumentaron de maneira considerable.**

Cambios cara ao Neolítico (2)

- Aínda que non se abandonan os costumes cinexéticos, **o ser humano fíxose cada vez máis sedentario**
 - En lugar de facer pasar todo da man á boca, como ocorría en períodos anteriores, comezou a prever o futuro e a gardar parte das colleitas para a sementeira do ano próximo.
 - **A unha economía de subsistencia sucedíalle outra de produción e a unha sociedade depredadora outra produtora.**
- Na sociedade neolítica supoñemos que os menos fortes (anciáns, mulleres de máis idade e nenos) se ocupaban dos labores máis lixeiros: tarefas agrícolas menores, recolección de froitos silvestres, coidado do gando, confección de cerámica, cestería, curtido de peles, fabricación de vestidos e ferramentas, etc.
- Homes e mulleres realizarían as tarefas do campo máis penosas e continuarían, ocasionalmente, practicando a caza.

Cambios cara ao Neolítico (3)

- Nestes momentos, ao ter unha morada fixa e individualizada xunto aos rabaños e campos de cultivo, xurdirá a **familia**.
 - As familias serían moi numerosas, pois a maior número de brazos para traballar, máis campos para cavar e gandos para apacentar.
 - Aparecerá, aos poucos, a diferenza entre os que tiñan máis e os que posuían menos colleitas e gandos.
 - O que tiña máis puido intercambiar os excedentes, que non consumía, por outros artigos, como unha cerámica de máis calidade, mellores vestidos, construír unha casa mellor e máis sólida.
 - É o **tímido inicio das diferenzas sociais** nos primeiros poboados sedentarios.
- Unha **autoridade**, que xa non será necesariamente o cazador máis forte, xurdirá dentro da aldea ou das covas próximas,
 - Para regular os problemas de convivencia entre veciños
 - Para encamiñar os esforzos nas tarefas comunais (cercados, celeiros, presas de rega, construcións funerarias ou relixiosas, ...).
 - Será quen resolva as disputas ou castigue os delitos.
- Esta autoridade seica será exercida por
 - Os máis anciáns, pola súa maior experiencia,
 - Ou polos máis ricos e poderosos.

Cambios cara ao Neolítico (4)


- Comeza tamén a aparecer a **división do traballo**,
 - Xa que é posible que algún artesán especialmente hábil para fabricar cerámicas, apeiros de labranza ou armas de pedra puída, vestidos, traballos en óso, etc., puidese especializarse nestes mesteres e vivir deles
 - Intercambiándoos por produtos alimenticios, iniciándose así o **comercio do troco**.
- Pronto aparecerán individuos que viron que podían obter unha boa ganancia transportando produtos dunha comunidade excedentaria a outra deficitaria deles:
 - Serán os **primeiros comerciantes** que se valerán de bois e cabalos para o transporte das mercadorías.
- Os **deuses**, benignos ou malignos, desta sociedade agropecuaria serán aqueles fenómenos que beneficiaban ou prexudicaban o desenvolvemento das súas colleitas e dos seus gandos (sol, chuvia, tempestades, vento ...).
 - Para facelos favorables aos seus intereses vanlles render culto e facer ofrendas regularmente.
 - Pronto xurdirán persoas que dirixirán as cerimoniais relixiosas (ritos de sementeira, recolección, etc.) que sen perder o seu carácter sagrado, serán auténticas festas populares que continúan nalgúns lugares ata hoxe.
 - Estas persoas serán os **sacerdotes** que lograron poder e riqueza ao seren considerados, polos demais, como intermediarios ante os deuses para lograr os seus favores.
- As **manifestacións artísticas**, tanto escultóricas como pictóricas
 - Son **moi esquemáticas e xeometrizadas** polo que resultan de difícil comprensión,
 - Ao contrario do ocorrido na etapa paleolítica, que era figurativa, naturalista e realista.

2.2.- A chegada da metalurxia. O megalitismo (1)

- Durante o III Milenio aC a novidade máis importante na península é a introdución dun novo avance tecnolóxico: a metalurxia do cobre
- Os seus inicios relaciónanse con
 - O desenvolvemento do **megalitismo**: construción de tumbas colectivas con grandes pedras.
 - Salientan en Extremadura e Andalucía polo número e a grandiosidade dos seus megalitos
 - Son moi coñecidos os de Menga, Os Millares, Viera, O Romeral, A Pastora...
 - O reforzo do papel da agricultura na alimentación humana:
 - Uso de sistemas de rega.
 - Fertilización dos campos.
 - Introducción do arado.
 - O reforzo da sedentarización: as poboacións apegáronse ás súas terras de cultivo
- Empezáronse a construír **poboados amurallados** en zonas elevadas
 - Como o de Los Millares (Almería), construído contra o ano 2400 aC
 - No exterior situábanse as necrópoles,
 - Con abundancia de enterramentos megalíticos colectivos
 - Presentaban unha acusada diferenciación social nas tumbas



Reconstrucción de Los Millares




Como se construían os megálitos.

1. Traslado da pedra con troncos e pedras.

2. Alzado da pedra mediante unha rampla e encaixe cunha panca no buraco do chan.

3. Desprazamento da pedra horizontal e colocación do lintel superior.





Crómlech de Stonehenge, en Inglaterra.



Crómlech de Brodgar, illas Orcadas (Escocia)



túmulo


cámara funeraria

nichos


corredor

atrio

Reconstrucción dunha cova da necrópole de Los Millares, un monumento funerario construído con grandes lousas de pedra.



O megalitismo en Galicia





Dolmen dos Cabaleiros, tamén chamado Casa da Moura (Tordoia, A Coruña).





A Pedra da Boullosa (Campo Lameiro) contém un enorme número de gravados con figuras de animais entrelazadas con formas xeométricas.

2.2.- A chegada da metalurxia. O megalitismo (2)

- No paso da metalurxia do cobre á do bronce aparece o **vaso campaniforme**,
 - Un novo tipo de cerámica en forma de campá invertida,
 - Espallado por toda Europa, o que se relaciona co comercio do metal.

A metalurxia do bronce

- Cara o ano 1700 aC documéntase o paso da metalurxia do cobre á do **bronce** na Península Ibérica na **cultura de O Argar** (Almería).
 - Os seus poboados espállanse polo SL da península:
 - Localízanse nas actuais provincias de Almería e Murcia
 - Mesmo se estenden ata Alacante, Granada, Xaén e Albacete
 - Son poboados con estrutura protourbana:
 - Trazado de estreitas rúas.
 - Casas rectangulares medianeiras.
 - Clara xerarquización social, con posibles xefes da comunidade: tumbas con enxovais ricos e con armas.
- Deste mesmo periodo data a **Cultura talaiótica das Illas Baleares**, caracterizada por:
 - A construción de murallas ciclópeas.
 - A edificación duns megalitos moi peculiares:
 - Talaiots: torres que flanquean o recinto amurallado.
 - Taulas: mesas con función incerta e finalidade descoñecida.
 - Navetas: recintos funerarios en forma de nave invertida.




▼
Naveta de Es Tudons, Menorca (Illas Balears). Está construída con técnica ciclópea, isto é, con pedras de dimensións medianas encaixadas en seco, sen a axuda de morteiro.



Elaboración do bronce



Elaboración do bronce





OCEANO
ATLÁNTICO

Mar Cantábrico



Idade dos metais en Galicia.


- T-shape megalitos
- Rock with circle petróglifos
- Orange square depósitos da Idade de Bronce




Casco cerimonial de ouro do Bronce Final atopado en Leiro (Rianxo).
Dolmen da Chan da Arquiña (Moaña).
Petróglifo do Costo das Sombriñas en Tourón (Ponte Caldelas).




Molde de bronce para machadas procedentes de San Martiño de Cotá (Lugo), datado no II milenio a.C.




Tesouro de *Caldas de Reis* (Pontevedra). Trátase do tesouro de maior peso (27 quilos en orixe) atopado na Península Ibérica.














3.- A chegada dos pobos colonizadores

- O final do segundo milenio aC foi unha época de grandes cambios na Península Ibérica
 - **Fenicios , gregos e cartaxineses** chegan ás costas levantinas a través do Mediterráneo
 - Ao mesmo tempo, **pobos indoeuropeos**
 - Penetran a través dos Pireneos
 - Establécense no norte peninsular
 - Paralelamente, no sur desenvólvese o reino de **Tartesos**





- | | | | | | |
|--|------------------------|---|------------------|---|--------------------------|
|  | expansión fenicia |  | área céltica |  | colonias principales |
|  | expansión grega |  | área ibérica |  | límite actual de Galicia |
|  | expansión cartaxinesa |  | área celtibérica | | |
|  | invasións indoeuropeas | | | | |

3.1.- Os pobos indoeuropeos

- Entre finais do séculos XI e finais do VI aC grupos de **pobos indoeuropeos**
 - Entran na Península polos Pireneos na procura de terras onde se asentaren
 - Son xentes procedentes de Centroeuropa cun mesmo substrato lingüístico: o indoeuropeo
 - Establécense sobre todo en Cataluña e na Meseta, dende onde se espallan cara ao norte e oeste peninsular.
 - Coñecen o ferro.
 - Teñen unha economía baseada na agricultura e mais na gandería.
 - Algúns practican un ritual funerario consistente en incinerar o cadáver, depositar as cinzas en urnas e soterralas: é a denominada **cultura de campos de urnas**.









3.2.- Fenicios, gregos e cartaxineses (1)

- Paralelamente pobos procedentes do leste do Mediterráneo (**fenicios, gregos e cartaxineses**) fundan establecementos comerciais no Mediterráneo, especialmente no sur
 - Escollo por ser rico en cobre, prata e ouro
 - Estar estratéxicamente situado na ruta do estaño, que a través do Océano Atlántico chega ao Noroeste peninsular e ás Illas Británicas
- Os **fenicios** a finais do segundo Milenio fundan as súas primeiras colonias no sur peninsular, entre as que salienta Gadir (Cádiz)...
- Os **gregos** desembarcan na Península Ibérica cara ao século VIII aC
 - Aínda que as súas actividades nos están ben documentadas ata o século VI aC
 - Fundan enclaves coloniais como Emporion (Ampurias) e Mainake (Málaga)...
 - Dende estes enclaves establecen cadanseus contactos comerciais e culturais cos pobos indíxenas veciños.
 - Isto estimula o desenvolvemento das súas cidades
- A chegada dos **cartaxineses** é algo posterior: entre os séculos VI e V aC
 - Continúan a tarefa colonizadora iniciada polos fenicios
 - Crean colonias como Ebusus (Eivisa) e Vilaricos (Almería)
 - Cartagonova (Cartaxena) é o expoñente máis claro do poder cartaxinés na Península







DOC.1 MIGRACIONES E COLONIZACIONES




1. Localiza as principais zonas de asentamento das distintas migracións ou colonizacións.

2. Cal é o foco orixinario da cultura tartesia? Por onde se espallou a súa influencia?

3.2.- Fenícios, gregos e cartaxineses (2)

- Os contactos comerciais entre os colonizadores púnicos e gregos e os pobos indíxenas favoreceron nestas comunidades o desenvolvemento de

- A agricultura
 - Difusión do arado.
 - Novos cultivos como a vide e a oliveira.
 - Novos animais (galiña e gato)
- As actividades artesanais
 - O torno oleiro.
- A metalurxia do ferro.
- Aproveitamento das salinas.
- Industria da salgadura de peixe
- O uso da moeda.
- O desenvolvemento de:
 - O urbanismo.
 - A escritura.



Doc.2 – O comercio con Emporion

- “Xa daquela Emporion estaba formada por dúas cidades, ás que dividía unha muralla; unha habitada por gregos (...) e outra por hispanos (...).
- Os hispanos, ignorantes da navegación, alegrábanse do comercio daqueles (os gregos) e desexaban comprar as mercadorías estranxeiras que as naves levaban, e vender os produtos dos seus campos. O interese deste mutuo comercio facía que cidade hispana fose accesible aos gregos.”
- **Tito Livio: “Historia de Roma”, XXXIV, 8-9, século I aC**

Xa daquela Emporion estaba formada por dúas cidades, ás que dividía unha muralla; unha habitada por gregos (...) e outra por hispanos (...).

Os hispanos, ignorantes da navegación, alegrábanse do comercio daqueles [os gregos] e desexaban comprar as mercadorías estranxeiras que as naves levaban, e vender os produtos dos seus campos. O interese deste mutuo comercio facía que cidade hispana fose accesible aos gregos.


Tito LIVIO: *Historia de Roma*, XXXIV, 8-9, século I a.C.



▼
A ágora e a estoa eran o centro da actividade política e comercial da cidade de Ampurias.




Estatua fenicia



Estatuas femininas procedentes da necrópole cartaxinesa do Puig des Molins (Eivisa).

A da dereita representa a Tanit, unha divindade cartaxinesa





Cerámica grega de Ampurias, na que se representa a Atenea loitando contra dous guerreiros.



Cerámica grega

Moeda grega (arriba) e cartaxinesa (abaixo)
atopadas no levante peninsular, testemuño do
comercio dos pobos colonizadores.




3.3.- O mítico reino de Tartessos (1)

- Os historiadores gregos e romanos deixaron constancia escrita da existencia de **Tartessos**
 - É un pobo situado no Sur, entre as actuais provincias de Huelva, Sevilla e Cádiz.
 - A súa influencia espallouse pola actual Andalucía e o sur de Extremadura
 - Tivo a súa expansión entre o ano 1000 e o 500 aC
 - Non se atoparon restos de cidades desta civilización, pero si magníficos tesouros de ouro e prata, coma o do Carambolo (Sevilla) ou Aliseda (Cáceres).



3.3.- O mítico reino de Tartesos (2)

- A zona era moi rica en **minas de prata, ouro, cobre e ferro**
 - Existían obradoiros adicados á súa fundición e fabricación de obxectos
 - Aínda que a base da súa subsistencia debía ser a agricultura
 - A súa localización xeográfica outorgoulle un papel clave nas rutas que abastecían de estaño, prata e chumbo os pobos do Mediterráneo oriental
- Tamén desenvolveron un **intenso comercio cos asentamentos gregos e fenicios da Península** baseado no intercambio de
 - Minerais ou produtoa agropecuarios
 - Por bens de luxo: perfumes, ámbar, cerámica, xoias...
- A **sociedade** debía estar dominada por unha aristocracia que controlaba o territorio, o comercio e a riqueza
 - Na cúspide social, semella estar constatada a existencia de caudillos ou monarcas
 - Temos referencia nos textos antigos dun monarca lendario: Argantonio, nos séculos VII-VI aC
- Quizais por influencia fenicia, os tartesios **coñecían a escritura**
- Cara o século VI Tartessos comeza a se debilitar ata desaparecer por causas descoñecidas
 - Quizais polo esgotamento das súas minas
 - Quizais pola dominación cartaxinesa



Foron os focenses os primeiros gregos que emprenderon longas navegacións. Eles foron os descubridores do mar Adriático, do Tirreno, de Iberia e de Tartesos. Non navegaban en navíos redondos, senón en embarcacións de cinco fileiras de remos. Chegados a Tartesos fixéronse moi amigos do rei dos tartesos. Era este Argantonio, quen reinou sobre Tartesos oitenta anos e viviu na súa totalidade cento vinte.

HERODOTO: *Historias*,
I, 163, século V a.C.




Tesouro de El Caram- ◀
bolo (Sevilla).

3. Que información sobre Tartesos nos achega Herodoto? Que aspectos che parecen máis críbles e cales máis fantásticos?

Doc.3 – Tartesos e as fontes clásicas

- “Foron os focenses os primeiros gregos que emprenderon longas navegacións. Eles foron os descubridores do mar Adriático, do Tirreno, de Iberia e de Tartesos. Non navegaban en navíos redondos, senón en embarcacións de cinco fileiras de remos. Chegados a Tartesos fixéronse moi amigos do rei de Tartesos. Era este Argantonio, quen reinou sobre Tartesos oitenta anos e viviu na súa totalidade cento vinte.”
- **Herodoto: “Historias”, I, 163, século V aC**
- **Que información sobre Tartesos nos achega Herodoto?**
- **Que aspectos che parecen máis cribles e cales máis fantásticos?**



Doc.4 – O legado dos colonizadores

Agricultura	Difusión do arado Novos cultivos: vide, oliveira, esparto
Artesanía	Difusión do torno oleiro
Minaría e industria	Novas técnicas de minaría Metalurxia do ferro Aproveitamento das salinas Salgadura do peixe
Comercio	Contactos comerciais a través do Mediterráneo Difusión da moeda Novas técnicas de navegación
Sociedade e cultura	Escritura alfabética: fenicia e grega Novos conceptos urbanísticos Novas formas artísticas Novas deidades



Inscripción en lingua tartésica sobre pedra (Bensafrim, Portugal).

4.- Os pobos prerromanos: iberos, celtas e celtíberos

- Durante o primeiro milenio aC fóronse conformando na Península tres culturas diferentes, pero relacionadas entre elas: iberos, celtas e celtíberos
- Os iberos
 - Situábanse nas costas leste e sur
 - Estaban influídos polas colonizacións púnica e grega
- Os pobos celtas
 - Habitaban o centro, o oeste e mais o norte da Península
 - Presentaban trazos culturais indoeuropeos
- Os celtíberos
 - Orixináronse a raíz do contacto entre celtas e iberos
 - Ocupaban o leste da Meseta e o Sistema Ibérico

IBEROS E CELTAS






4.1.- Os pobos celtas e celtíberos (1)

- **Os pobos celtas desenvolveron unha economía agropecuaria**
 - En agricultura, cultivaban cebada, legumes e hortalizas
 - En gandería, tiñan importancia os cabalos, as vacas, os años, as cabras e os porcos
 - Traballaban a cerámica
 - Fabricaban instrumentos e armas de ferro e bronce
- Os celtas falaban un idioma indoeuropeo
- Non coñecían
 - Nin a moeda
 - Nin a escritura
- Os grupos que se dedicaban á agricultura eran sedentarios e vivían en poboados: **os castros**
 - Mentres que as comunidades gandeiras practicaban o nomadismo
- Os castros situábanse en montículos
 - O seu trazado presentaba un escaso sentido urbanístico
 - Adoitaban estar defendidos por foxos e sólidas murallas
 - As casas estaban construídas con muros de pedra
 - A súa planta era frecuentemente circular
 - Algúns dos mellor conservados son o de Santa Tegra (Pontevedra) e o de Mohías (Asturias)

4.1.- Os pobos celtas e celtíberos (2)


- A **explotación mineira** foi unha actividade moi importante para os pobos do norte
 - As terras galegas eran ricas en **estaño**
 - Nelas tamén abundaba o **ouro**
 - Esta riqueza mineira favoreceu o **comercio** con fenicios e cartaxineses e outros pobos célticos das costas atlánticas de Francia e Inglaterra
- A **sociedade** celta organizábase en **clans** unidos por lazos familiares
 - Varios clans formaban unha tribo
 - Nas **tribos** había unha certa xerarquización social, con predominio da caste guerreira








Os pobos prerromanos en Galicia



Torques de ouro e prata de época celta. Reconstrución da vivenda dun castro celta.



Un poboado celta



torre

cortes

estacada

carro

vivenda

cerámica

forno

tear

forxa

muralla

cheminea

fogar ou lar


teitume

muíño
de gran


paredes

planta
circular

Unha vivenda
celta



A





Castro de Santa Tegra (A Guarda, Pontevedra)



Reconstrución dunha vivenda celta no castro de Santa Tegra

Castro de Baroña (A Coruña)





Muralla do castro de *San Vicente de Elviña* (A Coruña), que estivo habitado desde o século III a.C. ata o II d.C.



En *Castromao* (Celanova, Ourense), construíuse o castro, do que se conservan as bases circulares das vivendas. No seu interior pódese apreciar o fogar central e outros elementos domésticos.

Doc.3 – A arte celta

- Os celtas coñecían o bronce e mais o ferro
 - Eran hábiles traballando o metal
 - Fabricaban instrumentos como
 - Arados
 - Fouces
 - Armas: espadas, puñais, puntas de lanza...
 - Obxectos de ourivería: broches, torques, fíbulas...
- En escultura destacaban os verróns




Cabeza de granito procedente do castro de *Rubiás* (Bande, Ourense) e que formaba parte dunha escultura de corpo enteiro.



Estatua castrexa sedente de *Xinzo de Limia* (Ourense). Probablemente representa un xefe guerreiro.



Verróns chamados Touros de Guisando (Ávila), datados entre os séculos IV-I aC



Puntas de lanza.



Casco.



Puñal.



Estatua dun guerreiro galaico proveniente de Lesenho (Portugal).





Fíbulas: pezas de metal que servían para unir e soste r parte da vestimenta.



Torques: adornos ríxidos para o pescozo e os brazos, a modo de colares e brazaletes.



4.1.- Os pobos celtas e celtíberos (3)


- **Os pobos celtíberos**
 - Practicaron unha economía baseada en
 - A agricultura do cereal
 - A gandería
 - Aínda que tamén era importante a produción de ferro
- Baixo a influencia ibérica, os celtíberos
 - Desenvolveron
 - O torno do oleiro
 - A roda
 - A moeda
 - Adoptaron o seu alfabeto
- Os celtíberos habitaban, frecuentemente, poboados castrexos, de influencia celta
- A sociedade estaba xerarquizada, coa existencia dunha aristocracia guerreira

4.2.- Os poboados ibéricos (1)

- Os pobos ibéricos habitaban en **poboados amurallados**
 - Situábanse en zonas de doada defensa, próximos ás rutas do comercio
 - A súa distribución seguía un plan urbanístico regular
 - As vivendas eran de forma rectangular
 - Os seus muros, construídos con adobe e palla, erguíanse sobre un zócalo de pedra
- **A súa economía era basicamente agrícola**
 - Baseábase nos cereais, na vide e na oliveira
 - Pero tamén cultivaban plantas de uso téxtil: liño e esparto
- Os pobos do sur explotaban de forma intensiva as **minas**
 - Desenvolveron unha importante metalurxia, na que destaca
 - A fabricación de armas: falcata
 - A ourivería
 - Outras actividades artesanais consistían na elaboración de
 - Cerámica
 - Tecidos
- O **comercio** cos pobos colonizadores era moi importante e propiciou
 - A acuñación de **moeda propia**
 - O desenvolvemento do **urbanismo**
 - O desenvolvemento da **escritura**



▼
Entre os poboados ibéricos destaca este de Azaila (Teruel), así como os de Ullastret (Xirona), La Bastida de les Alcusses (Valencia) e Osuna (Sevilla).



fortaleza militar

necrópole

vivendas

forno

cisterna


templo

cercado para
o gando

muralla

Un poboado ibérico

B



4.2.- Os poboados ibéricos (2)

- **A organización social dos pobos ibéricos baseábase na tribo**
 - Existía unha certa xerarquización en relación co poder económico e militar
 - Isto deu orixe a unha aristocracia guerreira
 - Á súa fronte adoitaban erixirse formas de poder unipersoal: **caudillos**
 - As diferentes tribos falaban linguas emparentadas entre elas das que se conservan numerosas inscricións
- As súas **crenzas relixiosas** non son moi coñecidas, aínda que se sabe da existencia de
 - Un amplo panteón de deuses
 - A práctica de complexos rituais
 - Un espallado rito funerario: chegaron ata nós restos de santuarios e necrópoles con esculturas e obxectos votivos



casco de coiro


**protección
acolchada**



falcata

túnica

**escudo
de madeira**



torre defensiva

nave grega

muralla

vivendas

escritura

sacerdotisa

rito de incineración

guerreiro

vivenda

torno de oleiro

tecido

muño

Da Turdetania expórtase trigo, moito viño e aceite; este último en cantidade e calidade insuperables. Expórtase tamén cera, mel, moita cochini-lla e minio. Fabrican eles mesmos os seus barcos con madeiras do país. Ademais hai en Turdetania sal fósil e non poucos ríos salgados, e faise non pouca salgadura de peixe.

Anteriormente, importaban moitos tecidos, hoxe en día, as súas las son moi solicitadas e non hai ningunha que as supere en beleza (...). Teñen fama de ser os máis cultos entre os iberos; teñen unha gramática e posúen escritos de antiga memoria, poemas e leis en verso (...).

ESTRABÓN: *Xeografía*, III, século I.

1. Sinala as actividades económicas dos turdetanos e di que información proporciona o texto sobre a súa lingua e escritura.

Doc.3 – A riqueza dos iberos

- “Da Turdetania expórtase trigo, moito viño e aceite; este último en cantidade e calidade insuperables. Expórtase tamén cera, mel, moita cochinilla e minio. Fabrican eles mesmos os seus barcos con madeiras do país. Ademais hai en Turdetania sal fósil e non poucos ríos salgados, e faise non pouca salgadura de peixe.
- Anteriormente, importaban moitos tecidos, hoxe en día as súas las son moi solicitadas e non hai ningunha que as supere en beleza (...). Teñen fama de ser os máis cultos entre os iberos; teñen unha gramática e posúen escritos de antiga memoria, poemas e leis en verso (...).”
- **Estrabón: “Xeografía”, III, século I**
- **Sinala as actividades económicas dos turdetanos**
- **Di que información proporciona o texto sobre a súa lingua e escritura**

Doc.4 – A orixinalidade da arte ibera

- A arte ibérica destaca sobre todo nas artes decorativas, que reflicten a influencia oriental dos pobos colonizadores
- **A escultura**
 - Utilizaron a pedra e o bronce
 - As súas representacións máis frecuentes son de tema relixioso, aínda que non as hai de divindades
 - Abundan unhas pequenas figuras de bronce, utilizadas como ofrendas ou exvotos
 - Tamén estatuas de pedra de maior tamaño con finalidade funeraria ou relixiosa
 - Entre estas últimas destacan a ***Dama de Baza*** e a ***Dama de Elxe***, moi ricamente decoradas
 - Tamén a ***Gran Dama Oferente***, co frontalismo típico grego
 - Tamén son frecuentes as representacións de animais, algúns deles antropocéfalos: ***Bicha de Bazalote***
- **A cerámica**
 - A difusión do torno oleiro permitiu a súa produción en cantidades maiores e de forma especializada
 - As súas formas cerámicas denotan influencia oriental, sobre todo grega
 - Presentan unha rica decoración pintada
 - A máis antiga con motivos xeométricos: bandas, círculos e semicírculos
 - A máis recente con motivos figurativos: guerreiros, escenas de recolección ou actividades téxtiles




A *Dama de Baza* é unha escultura ibérica, labrada en pedra, que foi atopada nunha cámara funeraria xunto ao seu enxoval. Está datada no século IV a.C.



ofrenda



Terracota de matrona con cofia do Santuario de la Serreta (Alacant).



Cerámica procedente da necrópole de El Cabecico del Tesoro (Murcia), datada no século II a.C.



A Bicha de Balazote (Albacete) foi realizada sobre dous bloques de pedra no século VI a.C.



Exvoto ibérico representando a un guerreiro a caballo. Procede da Bastida de Les Alcusses (Valencia).



Estatuítina feminina



Xinete de pé xunto ao seu cabalo





Cerámica pintada, atopada en *Numancia*, que amosa un guerreiro celta loitando contra un guerreiro ibérico.